

Grupo Socialista
Parlamento de Galicia

Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n,
15702 Santiago de Compostela
T \ 981 551 538
gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2025

INTERVENCIÓN JOSÉ RAMÓN GÓMEZ BESTEIRO
DEBATE DO ESTADO DA AUTONOMÍA 2025

---ESTE DISCURSO É UN BORRADOR E PODE TER VARIACIÓNS RESPECTO DA INTERVENCIÓN---

Grazas presidente.

Boa tarde, presidente da Xunta de Galicia.

Señorías, autoridades presente, colectivos sociais, representantes dos medios de comunicación e cidadáns que nos seguen por streaming.

Señor Rueda,

Dixo vostede hai un ano que non ía caer na autocompracencia. Lémbrese? Pois desde entón non fixo outra cousa. Festa polos cen primeiros días, festa polo aniversario das eleccións, festa pola investidura... Só lle faltou unha verbena polo primeiro Consello da Xunta.

A este ritmo, vaia reservando o 1 de agosto: Día de San Alfonso, novo festivo autonómico, con procesión, ofrenda floral e himno.

Que está vostede encantado de coñecerse vímolos no seu último acto de celebración na Cidade da Cultura. Toda a xente de ben sentimos vergoña allea -créame, tamén moitos do seu partido-. Vimos festexar os seus supostos logros nunha cerimonia case de humillación aos cidadáns alí presentes, presentado como unha esmola o que son verdadeiros dereitos.

Custa imaxinar que foi o que pasou pola súa cabeza para protagonizar esa pantomima co diñeiro de todos os galegos e galegas.

O que deixou ben claro é como se manteñen vostedes no poder. Nada novo, pero esta vez víronselle as costuras máis claramente.

Señor Rueda, hai quen confunde responsabilidade coa defensa dos privilexios. E iso, sinceramente, non é gobernar, é clasismo.

Francamente, a Xunta comeza a parecer máis un réxime personalista que un goberno democrático.

O que fixo, non só o desacredita como gobernante. É, ademais, dun nivel de torpeza que sorprende. Quedou absolutamente espido.


Porque Galicia non ten un líder ao fronte. Ten a un home atrapado no seus complexos.

Mire, cando alguén está necesitado de tanto aplauso é porque, no fondo, sabe que non hai moito que aplaudir.

E vostede sábeo.

Voulle lembrar outra das súas promesas. Decía que “que ía ter os ollos e os oídos abertos ao mundo”, pero só se entende a súa forma de gobernar se os seus ollos e os seus oídos son os da CRTVG. Se esa é a súa idea de escoitar, normal que non se entere do que pasa fóra da súa burbulla.





Grupo Socialista
Parlamento de Galicia

Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n,
15702 Santiago de Compostela
T \ 981 551 538
gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Porque aínda non se decatou de que goberna un país, non un plató de televisión.

Por iso hoxe, veño a falarlle de Galicia.

Non desa Galicia en tecnicolor que sae no Telexornal. Senón da Galicia real.

A que sofre mentres vostede celebra.

A que vostede tapa e non lle dá voz, a que non escoita.

Pero, de momento, só lle vou a dar unha cifra: 20.660.

Son galegos e galegas, persoas reais, familias enteiras inscritas hoxe no rexistro oficial da Xunta esperando por unha vivenda pública. 20.660 vidas en pausa, agardando unha resposta que non chega. Sen contar as que xa nin se molestan en apuntarse, porque saben que non serve de nada.

- 20.660 familias sen casa.
- 2.831 máis que hai seis meses.
- 16 familias inscribíense cada día. 16 cada día.

Ese é o ritmo da súa política de vivenda: un goteo constante de desesperanza.

Por iso, señor Rueda, menos festas e máis chaves. Insisto, a realidade non se tapa co Telexornal.

GALICIA VIVE NUNHA FONDA DESIGUALDADE.

As listas de agarda no sistema sanitario medran sen freo: máis de 300.000 persoas esperan unha consulta (imagine a todo o concello de Vigo, pendentes dunha chamada do Sergas).

Hoxe cómpre agardar 10, 12 ou máis días para unha cita no centro de saúde. Nos hospitais, os tempos superan os que había antes da pandemia. E para acceder a unha consulta de saúde mental poden pasar máis de cinco meses. Todo isto mentres os problemas se agravan.

No sistema educativo, o acceso real á universidade segue dependendo da carteira das familias. As taxas non chegan: hai que pagar desprazamentos, alugueiros, materiais... A igualdade de oportunidades segue sen ser unha realidade.


As prazas en residencias para maiores son inalcanzables para a maioría dos salarios e pensións. E a mocidade, sobre todo a de familias traballadoras, vese atrapada na casa dos seus pais. En dez anos, o alugueiro subiu un 60%; mentres que os salarios subiron menos dun 25%.

Vivimos nunha sociedade que segue discriminando ás mulleres só polo feito de selo. Os delitos por violencia machista aumentaron un 17% no último ano, e medran os discursos que negan esta realidade.

Esta desigualdade é simplemente inasumible.

E fronte a todo isto, vostede celebra. Celebra moito, iso si.

Pero, permítame a pregunta: que celebra vostede?



Grupo Socialista
Parlamento de Galicia

Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n,
15702 Santiago de Compostela
T \ 981 551 538
gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Vén de festexar un aniversario, pero leva 16 anos nos gobernos e 3 deles como Presidente.

Hoxe dixo vostede que había que pensar na “Galicia en grande”. 16 anos como presidente e hoxe di que hai que pensar na “Galicia en Grande”.

Vexamos a que dedicou, en realidade, a súa acción neste Parlamento.

Señor Rueda, en Galicia conviven tres grandes espazos políticos: a dereita, a esquerda e o nacionalismo. Unha pluralidade que, lonxe de ser un problema, é unha riqueza democrática. Cada forza debería, polo tanto, expor as súas propostas, defender as súas ideas e someterse ao contraste parlamentario.


Pero vostede, señor Rueda, non adoita facer iso. Vostede simplemente non responde.

Tiven ocasión ao longo deste ano de formularlle cuestións relevantes para Galicia. Cuestións que afectan á vida das persoas, ao futuro do país. E vostede, case sempre, optou por outra vía: desviar o tema ou culpar a Pedro Sánchez, ou ambas cousas á vez.

Permítame lembrar algúns exemplos:

- Pregunteille pola **política industrial**. Faloume de Pedro Sánchez.
- Pregunteille polos **fondos europeos**. Só executaron o 32%. O Consello de Contas di que teño razón. Pero vostede, que Pedro Sánchez.
- Pregunteille polo **sobrecusto do Hospital de Vigo**, polos contratos menores, polo clientelismo. Vostede negouno todo e mesmo puxo en dúbida os informes do Consello de Contas. Curiosa maneira de exercer a responsabilidade institucional.
- Pregunteille pola **transparencia. Pola democracia**. Polas condenas na CRTVG. Vostede díxome que todo vai ben... e que Pedro Sánchez era un tirano.
- Pregunteille pola súa falta de apoio **á lingua galega**. Foi vostede a Bruxelas e fixo un vídeo falando en galego. Postureo para redes, pero logo mandou votar en contra do seu uso oficial no Parlamento Europeo. Por iso pídolle hoxe que apoie a resolución que presentaremos para que a nosa lingua teña o recoñecemento que merece en Europa.
- Eu tiven a honra de defender o galego no Congreso. Vostede tivo a deshonra de votar en contra. Corrixa. Está a tempo. Gaña máis do que perde, créame.
- Pregunteille polo seu **modelo enerxético**. Falamos tamén da prometida comercializadora pública de enerxía renovable. Nin é pública, nin é renovable, nin está operativa. Pero iso si, Pedro Sánchez.
- Falamos sobre o **financiamento local**: a Xunta debe máis de 650 millóns € aos concellos, segundo alerta a Federación Galega de Municipios e Provincias. Una débeda histórica cos municipios, que asumen competencias que son da Xunta. A súa resposta, como sempre: todo vai ben... e Pedro Sánchez.
- En política ambiental, pregunteille polo modelo de **Sogama**. A UE xa advertiu dos seus efectos contaminantes. Vostede di que todo está ben. E culpa, unha vez máis, a Pedro Sánchez.
- Pregunteille pola **condonación da débeda**. Propuxemos que Galicia se acolla. Vostede di que non. O seu conselleiro di que “xa veremos”. Non parece un modelo de claridade.
- Pregunteille pola **vivenda**. Critica ao Estado mentres presume de actuacións que financia o Goberno central. Cuestionado pola creación dun Banco Público de Aluguer de Vivenda, vostede responde cun bono comercio. Confundimos ferramentas, polo que parece.
- **Sanidade pública**. Grandes demoras, situación crítica en primaria e saúde mental. A resposta de vostede foi falar da xestión do litoral. E, por suposto, de Pedro Sánchez.





Grupo Socialista
Parlamento de Galicia

Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n,
15702 Santiago de Compostela
T \ 981 551 538
gp-socialista@parlamentodegalicia.es

- **Altri.** A súa única aposta estrela no ámbito industrial: unha macrocelulosa. Preguntámoslle polos compromisos adquiridos. Non obtiven resposta. Só máis referencias a Pedro Sánchez.

Hoxe tivemos unha boa nova para esa Galicia que vostede non quere escoitar.

Dixen hai meses – seguro que se lembra- que se fose polo socialismo galego, o proxecto recibiría 0 euros de diñeiro público, porque á vista da información que fomos coñecendo, a súa macrocelulosa non é sostible nin ambiental, nin economicamente. Nin en termos de creación de emprego.

Polo tanto, o anuncio de hoxe non me sorprende.

Agora vexamos se esta boa nova que nós aventuramos pode xa salvar a Galicia do gran erro que suporía á instalación desta empresa, que vostede, señor Rueda, converteu no seu proxecto político estrela.

Agora tócalle a vostede, señor Rueda, dar a cara. Explicarnos por que avala persoalmente o proxecto de Altri e por que fixo desta empresa a súa única e gran aposta industrial para Galicia.

Tócalle a vostede, que forma parte da gran mentira que rodea a Altri, explicar cal é exactamente a axuda que comprometeu co proxecto, segundo vostede avanzou no seu día.

E, mentres tanto, Galicia, pola súa negligencia e pola súa aposta política irresponsable, está perdendo tempo e oportunidades de impulsar industrias realmente estratéxicas e con retorno real para o país.

O debate, Sr. Rueda, non é se industria si ou industria non, senón que industria si e que industria non. Señor Rueda, o resumo é sinxelo: durante todo un ano nós debuxamos un diagnóstico claro do país. Vostede, sistematicamente, decidiu non responder.

Non parece cómodo no Parlamento nin coas competencias da Xunta de Galicia, porque lonxe de asumilas, bota balóns fóra de xeito permanente.

E si, falou moito de Pedro Sánchez. Quizais demasiado.

Tanto, que xa non parece estratexia: parece unha verdadeira obsesión. Súa e tamén do seu xefe Alberto Núñez Feijóo.


A GALICIA REAL, SEN LIDERADO

Como vostede está noutra cousa —quizais redactando outro balance triunfal—, permítame que lle faga un breve percorrido polos desafíos que Galicia ten por diante. Non teño tempo para todo, pero irei ao máis relevante.

Fronte a un mundo convulso... temos a un Rueda ausente

O 2025 comeza cunha enorme incerteza xeopolítica e económica: conflitos en Oriente Medio e Ucraína, Trump de volta á Casa Branca, a ultradereita medrando en Europa — aos que vostedes se pegan como lapas —, e unha tensión crecente entre EE.UU. e China.

Neste contexto, a inercia e o inmovilismo do seu goberno non parecen a mellor opción. É máis, semellan a peor.



Grupo Socialista
Parlamento de Galicia

Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n,
15702 Santiago de Compostela
T \ 981 551 538
gp-socialista@parlamentodegalicia.es

A súa falta de reacción fronte ás novas políticas de protección europeas ou a política arancelaria de Trump é un bo exemplo.

Neste último caso, Europa e o Goberno do Estado moveron ficha de xeito inmediato, comunidades como Asturias ou Cataluña responderon con axilidade... e vostede desaparece a pesar da enorme intranquilidade dos sectores afectados e de que eu mesmo lle tendín a man. Man que rexeitou. Ao final, tras días de insistencia, anuncia un par de medidas inconexas e sen impacto real.

E onde estaba vostede mentres? Pois estaría preparando a súa última celebración...

Vostede non serve a Galicia pola súa pasividade, e xa estamos a pagar ese prezo.

Francamente, estamos ante un goberno sen pulo e cun presidente ao fronte sen ambición na defensa de Galicia.

Na ECONOMÍA, Galicia tamén queda atrás.

Hoxe España medra e é un referente no conxunto de Europa, pero Galicia apenas aproveita esa onda. Crecemos, pero case un 30% menos que o Estado.

Tamén os datos da EPA do último trimestre de 2024 son claros. En España, a ocupación medra un 2,2%. En Galicia, un 1,5%. O paro baixa no Estado nun 9,3%. Aquí, a metade.

É dicir, mentres o país avanza con forza, aquí seguimos a un ritmo moito máis lento. E o máis grave é que esta brecha non é só estatística: está afectando ás persoas, especialmente á nosa mocidade máis formada, que marcha porque aquí non atopa futuro. E necesita solucións, non brindes ao sol.

Polo tanto, que celebra? Que Galicia vai máis lenta, que perde talento, que vai quedando atrás?

TEN VOSTEDE UN MODELO PRODUTIVO?

Hai unha Galicia puxante que precisa dun goberno activo, e non desta parálise e falta de interese por gobernar, señor Rueda.


Eu creo nun novo modelo produtivo no país, que se fundamente no coñecemento e na innovación.

Aí deberíamos ir, pero... Sabe vostede **canto investimos en investigación?** Voulle dar algún dato:

- Galicia destina menos orzamento á investigación universitaria (106 millóns €) que á CRTVG (129 millóns). É dicir, priorízase máis a propaganda que o coñecemento.
- E se miramos á investigación sanitaria, a situación é preocupante. Vostede acaba de reducir un 10% o seu financiamento, deixándoo en 23 millóns €. O Xacobeo recibiu cinco veces máis: 110 millóns. A súa aposta é clara.

E non se trata de elixir entre cultura ou saúde. Trátase de que quen goberna decide que pensar é perigoso. E iso si que nos debería preocupar.

Mentres vostede se dedica a celebrar, Galicia leva máis dunha década sufrindo a fuga de centos de investigadores e investigadoras. Profesionais de altísimo nivel, moitos mozos e mozas, que hoxe nos observan desde outras comunidades ou dende o estranxeiro, onde lles abren as portas. Onde se inviste de verdade en coñecemento porque saben que é a decisión intelixente.



Grupo Socialista
Parlamento de Galicia

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n,
15702 Santiago de Compostela
T \ 981 551 538
gp-socialista@parlamentodegalicia.es

E este non é un problema illado. Está directamente ligado a outro **drama que padecemos: o DRAMA DEMOGRÁFICO.**

O saldo migratorio en Galicia é profundamente preocupante. En número, si. Pero sobre todo, en calidade. Perdemos capital valioso que marchou porque aquí non tiña futuro.

Hoxe, moitas desas persoas están creando familias fóra. E cada vez será máis difícil que volvan.

Vostede igual pensa que o saldo migratorio se contabiliza cos turistas, pero non. De momento, en Galicia só crece pola inmigración, **esa que tan pouco apoio recibe do PP.**

Hai que preguntarse canta xente marcha pero, tamén, quen son os que marchan. Necesitamos transformar as políticas para atraer de volta ao talento galego, e que poidan ser o motor da Galicia que queremos.

TRANSICIÓN ECOLÓXICA

A transición enerxética non é unha opción, senón unha obriga, e unha oportunidade na loita contra a emerxencia climática e para elevar a nosa competitividade industrial e deixar de depender de terceiros países. Galicia ten potencial para ser un referente. E vostede dálle as costas.

Galicia importa o 75% da súa enerxía. E sabe de onde vén? De fóra e de fósiles. A metade do que consumimos é petróleo. E aínda que no mix enerxético teñen un bo peso as renovables, a electricidade representa só un 22% do consumo total de enerxía.

É imprescindible apostar claramente polas enerxías limpas e renovables. Temos vento, temos auga e ata comezamos a ter sol... e temos futuro! E que fixo o Partido Popular?


- Parar o desenvolvemento das renovables, especialmente a eólica, pola falta de planificación, mentres outras CCAA a converten en motor industrial.
- Prometer unha comercializadora pública de enerxía... a opaca Sociedade de Recursos de Galicia -un *chiringuito* segundo confirmou o Consello de Contas- que ía abaratar o prezo da enerxía a todo o mundo... E é mentira.
- E disfrazo como "proxecto estratéxico" unha macrocelulosa, a de Altri, que Galicia nin pediu nin necesita.

Non se trata de inventar nada novo. Temos potencial para apostar pola eólica terrestre, pola mariña, polo hidróxeno verde, polo biometano... pero falta planificación e, sobre todo, vontade política.

Sen ela, a transición será algo que nos pase por riba, non algo que lideremos.

Se falamos en serio de emerxencia climática, hai tamén que comezar polas nosas casas. Galicia precisa electrificar o consumo. E vostede, que ten competencias, deixa pasar as oportunidades:

- Puido esixir vehículos eléctricos ou híbridos no novo plan de mobilidade. Non o fixo.
- Seguimos cun parque de vivenda infrutilizado, ineficiente e contaminante.
- E non estamos a impulsar comunidades enerxéticas locais. Un modelo de proximidade, democrático e sostible.



Grupo Socialista
Parlamento de Galicia

Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n,
15702 Santiago de Compostela
T \ 981 551 538
gp-socialista@parlamentodegalicia.es

SECTOR PRIMARIO

De liderado tamén precisa o sector primario. Debemos protexer e abrazar este país anfíbio, como o chamou Manolo Rivas, que mestura mar e terra entre si e se identifica con ambas.

Temos un sector primario que vostede abandona, señor Rueda. No mar vivimos un **declive do marisqueo**, que vostede observa sen actuar. O que outrora foi fonte de riqueza inesgotable, hoxe produce incerteza. Debemos intervir decididamente en sanear as rías, en ter semente de calidade e en protexer a traballadores e traballadoras do mar, non en enfrontalos.

Galicia debe ter máis protagonismo no eido europeo, e vostede debe vixiar que os seus amigos, como Milei en Arxentina, non volvan ameazar á nosa frota.

Acción, señor Rueda.

Tamén temos que volver **mirar á terra**. Protexer as explotacións familiares non é só unha cuestión económica: é defender o equilibrio entre o rural e o urbano. Son elas as que sosteñen o territorio, xeran riqueza, crean emprego e manteñen os servizos abertos onde outros só vén números vermellos.

Por iso é urxente recuperar ese Grupo Lácteo Galego que vostedes deixaron caer e que permitiría garantir prezos xustos para o leite e transformar o sector.

En canto o relevo xeracional, é o maior desafío que temos por diante no agro, e vostedes seguen sen facer nada eficaz.

Nós, en cambio, propoñemos accións concretas. Entre outras, a **defensa do consumo de produtos de alimentación de proximidade e de tempada no sector público**. E que conseguimos que se aprobara aquí, no Parlamento, cun acordo que debería contar co seu apoio entusiasta, mais que cun voto cuasiobligado.

FINANCIAMENTO

A día de hoxe, entramos nun tempo de reforma do sistema de financiamento autonómico, e Galicia debe estar aí para defender con firmeza as súas necesidades.

A dispersión, o avellentamento... son realidades singulares que encarecen a nosa prestación de servizos públicos. E deben ser recoñecidas no reparto de recursos. Como xa está contempladas na condonación da débeda galega de 4.010 millóns de euros.


Unha proposta que facemos os socialistas e que é moito máis ambiciosa da que fixo nunca calquera outro grupo político nesta Cámara ou nas Cortes Xerais.

Outras CCAA van a solicitar a condonación e Galicia tamén debe facelo. Vostede sabe perfectamente que cun novo modelo de financiamento e coa quita da débeda, Galicia disporá de máis recursos. E, malia así, segue renunciando a ela pola súa actitude submisiva con Feijóo.

Non me estraña que, ante decisións tan negligentes e a súa falta de ambición para o noso país, teña que convocar actos de autobombo un día si e outro tamén.

Ao mesmo tempo, **cómpre falar de ampliar a nosa autonomía fiscal con responsabilidade**. Podemos, e debemos, xestionar máis impostos sen saír do modelo común -o que sería unha idea





Grupo Socialista
Parlamento de Galicia

Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n,
15702 Santiago de Compostela
T \ 981 551 538
gp-socialista@parlamentodegalicia.es

errática, ademais de insolidaria. Ofrecemos solidariedade e recibimos solidariedade- pero reforzando o noso autogoberno. E vostede, négase.

Pero tamén hai que mirar cara dentro no financiamento e falar de co-xestionar os fondos cos concellos. Tamén son administración pública, señor Rueda.

Vostede mira aos concellos e ve inimigos, agás se son dos seus e non todos. Ve ao Partido Socialista gobernando en tantos lugares que lle entra urticaria. Pero o que hai detrás non é política de partido: son servizos públicos para a cidadanía. **E vostede está fallando.**

Escoite aos concellos e cumpra. Falamos do servizo de axuda no fogar. Falamos das obras en centros educativos, de centros infantís, do abastecemento e do saneamento ou de políticas sociais como a dependencia. Son numerosos servizos públicos que vostede está infrafinanciando ou deixando só en mans dos municipios sen ser súas as competencias.

Estamos falando tamén de **CULTURA**. Porque vostedes están centrados nalgúns grandes actos. Vese que aí son expertos. Pero logo regatean orzamentos para a cultura en todos os outros ámbitos, e cando os grandes programadores culturais deste país son os concellos.

A cultura é un dereito e o seu goberno está fallando á cidadanía tamén aquí.

Por todo isto, traemos unha proposta concreta a este debate: **pechar un Pacto Local coa creación dun sistema aberto, transparente e xusto de distribución dos fondos públicos.**

Fronte ao seu modelo do dedazo —que premia aos alcaldes e alcaldesas do PP e penaliza aos demais—, propoñemos un Plan Único para os concellos, con criterios claros e transparentes, con baremos obxectivos e onde os concellos decidan o seu destino, sen tutelas, e, sobre todo, onde non faga falta presentar o carné do PP para obter a colaboración da Xunta.

Ese é o camiño: máis xustiza, máis igualdade e máis respecto institucional.

INFRAESTRUTURAS

E máis igualdade tamén nas infraestruturas. Hoxe, os galegos e galegas contan con bonificacións de ata o 75 % na AP-9 e na AP-53. E iso non é grazas ao PP, non. Iso é grazas ao traballo do Partido Socialista.


A AP-9 podería ser pública e gratuíta. Pero non o é pola prórroga que o señor Aznar lle regalou á concesionaria. Unha prórroga da que Europa aínda ten que ditaminar se foi ou non legal.

E da AP-53, mellor non falar... ou si. O PP deixounos unha das autoestradas máis caras e de concesión máis longa de todo o Estado. Esa é a súa herdanza.

Hoxe seguimos pagando esas autoestradas. Pero pagamos menos porque o PSOE defendeu bonificacións cando vostedes miraban para outro lado.

E nós imos seguir nese camiño. Con tres obxectivos claros: autoestradas gratuítas, autoestradas públicas e autoestradas galegas.

Estamos no camiño da gratuidade. Xa estamos máis cerca. E imos continuar.



Grupo Socialista
Parlamento de Galicia

Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n,
15702 Santiago de Compostela
T \ 981 551 538
gp-socialista@parlamentodegalicia.es

E xa que falamos de bonificar peaxes...Que pasa coas autoestradas galegas? Non sería lóxico aplicar aquí o mesmo que reclamamos ao Estado?

A coherencia, señor Rueda, é facer en Galicia o que lle pedimos a Madrid. Ou cre realmente que as persoas de Bergantiños ou do Val Miñor valen menos que as de Santiago ou as de Lalín?

En canto ao transporte público... o seu expediente tampouco é para presumir.

A chegada do AVE a Galicia foi posible grazas a un goberno socialista. Tamén os abonos de media distancia gratuítos, que revolucionaron o transporte entre cidades galegas.

E vostede? Vostede segue sen poñer unha rede por estrada que complementa o tren. Nin colaboración, nin planificación.

E os retos seguen aí:

- Conectar mellor Lugo co resto de Galicia.
- Resolver o histórico illamento de Ferrol.
- E avanzar para incorporar cercanías ferroviarias.

Pero nada diso parece importarlle ao seu goberno.

E a Galicia fáiselle longa a espera.

MOCIDADE

Como longa espera é a que sofre a mocidade galega, que leva anos escoitando promesas. Pero as promesas, por si soas, non dan traballo, non pagan alugueiros e non evitan que teñan que marchar. Esa é a realidade: contratos precarios, alugueiros imposibles e a sensación de que, para moitos mozos e mozas, Galicia non conta con eles.

Vostede, señor Rueda, fala moito de oportunidades. Pero sen políticas de emprego dignas, sen acceso á vivenda, sen formación axeitada... é difícil falar de futuro. **Estamos creando unha xeración moza de traballadores e traballadoras pobres.**

Mentres vostede saca peito, a mocidade recolle as maletas.


Desde o Partido Socialista propoñemos un **Plan de Primeira Oportunidade**, con incentivos para que quen queira traballar e vivir aquí poida facelo. Sen trampas. Sen letra pequena.

Porque non estamos a falar dun problema, senón dunha prioridade. Se Galicia quere futuro, ten que contar coa súa mocidade. Se non, simplemente, non terá futuro.

OS DEREITOS

Se hai un ámbito onde se perciben con toda crueza as desigualdades, señor Rueda, é no acceso aos dereitos.

Porque en Galicia os dereitos existen no papel... pero moitas veces non chegan á vida real. E iso, señor Rueda, é o que marca a diferenza entre gobernar ou simplemente administrar.



Grupo Socialista
Parlamento de Galicia

Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n,
15702 Santiago de Compostela
T \ 981 551 538
gp-socialista@parlamentodegalicia.es

VIVENDA

A vivenda é hoxe o maior factor de desigualdade xeracional e de clase no noso país. Un muro cada vez máis alto, que xeracións enteiras non poden nin soñar con saltar.

Galicia vén de bater un récord histórico no prezo da compra-venda. A suba rolda o 5% en só un ano. Os alugueiros medraron un 60% na última década. Os salarios? Menos dun 25%.

E vostede... de celebración.

Agora si, agora dáse conta despois de 16 anos de inacción, que hai que construír vivenda pública. Claro, porque o Estado pon cartos enriba da mesa. Pero iso vai para longo. E o problema é hoxe, señor Rueda. Hoxe temos o problema.

Nós propoñemos unha medida inmediata:

-Un Banco Público de Alugueiro, que entre no mercado e mobilice 5.000 vivendas baleiras, con alugueiros que non superen o 30% da renda. Con seguridade para quen aluga no pago e no coidado da vivenda. Con dignidade para quen busca casa.

Custo? 40 millóns de euros. O 1% da condonación da débeda. Vai vendo xa as claves da boa xestión? E mentres vostede boicotea as zonas tensionadas, Vigo, A Coruña ou a pequena Illa de Arousa... responden, actúan. Vostede bloquea, pero non esqueza que a competencia é súa.

Tamén falta control sobre a vivenda turística. Máis fondos para rehabilitación. E vontade política para garantir calidade e combater a infravivenda.

Pero vostede prefire mirar para outro lado.

SANIDADE

A sanidade. Outros dos grandes problemas que ten Galicia. Hai pouco díxenllo: o sistema sanitario ten déficits graves.


Temos o mellor dos sistemas, pero os profesionais e pacientes identifican que hoxe temos esperas inasumibles. Os servizos están saturados, sen direccións que poñan orde nin solucións enriba da mesa. As listas de espera, disparadas.

As cifras oficiais? Trucadas. A realidade é ben distinta.

- Esperas hospitalarias por riba dos niveis prepandemia.
- Atención primaria desbordada, froito de anos de abandono.
- Rede de saúde mental? Débil, sen modelo, sen rumbo.

Está rexistrada xa neste Parlamento unha modificación legal, que nós propuxemos e que vostede debería apoiar.

Se a Lei de garantías establece tempos máximos de esperas no ámbito hospitalario...por que non na primaria?



Grupo Socialista
Parlamento de Galicia

Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n,
15702 Santiago de Compostela
T \ 981 551 538
gp-socialista@parlamentodegalicia.es

É posible garantir unha atención sanitaria en 48h incorporando profesionais de moitas especialidades como fisioterapeutas, moita máis enfermeiras/os ou profesionais de podoloxía, entre outros, como suman outras CCAA e non fai Galicia.

Hai profesionais dispoñibles. Hai pacientes agardando.

Que falta? Decisión política.

- En saúde mental, máis de 5 meses para unha primeira consulta.
- Ir ao psicólogo hoxe significa ir a unha clínica privada. E non debe ser así. Nin pode.
- Tamén hai que optimizar nos hospitais. Hai que escoitar aos profesionais. E poñer direccións que coñezan o sistema, que o transformen desde dentro.

E, sobre todo, garantir que non exista unha sanidade de dúas velocidades. Porque hoxe non é o mesmo ser atendido en Abadín que en Burela. Nin en Burela que en Lugo.

Debemos facelo mellor.

Hai milleiros de galegos e galegas agardando por unha cita.

Sigue vostede pensando que estamos para celebrar algo?

IGUALDADE

A igualdade non é un acto un día ao ano. É o dereito de calquera muller a vivir sen medo, a ser escoitada, a contar con apoios reais cando os necesita.

Pero hoxe en Galicia iso non está garantido. A realidade é outra:

- Casas de acollida sen medios suficientes.
- Centros de información á muller desbordados.
- E as entidades que levan anos traballando pola igualdade están quedando soas.

Mentres tanto, vostede renuncia a exercer o seu papel e o seu partido pacta cos negacionistas da violencia de xénero. Iso tamén é violencia institucional.

Nós, as e os socialistas, temos clara unha cousa: a igualdade non se negocia. Non é un extra, non é un slogan. É unha obriga democrática e social.


E require o que non hai agora: vontade política, recursos e políticas concretas.

Porque Galicia non pode retroceder. E porque as mulleres deste país non merecen menos. É cuestión de COMPROMISO.

EDUCACIÓN

Se quere saber como está o sistema educativo, non mire só os números que lle pasan. Mire ás familias pedindo inclusión. Atenda a docentes que por todo o país reclaman competencias e recursos.

Mire ás universidades pedindo renovación de cadros.



Grupo Socialista
Parlamento de Galicia

Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n,
15702 Santiago de Compostela
T \ 981 551 538
gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Mire aos investigadores galegos que triunfan fóra porque aquí non tiveron espazo. Moitos marcharon. Outros seguen, financiando eles mesmos os seus proxectos. Iso é o que vostede lles ofrece a quen pode construír o futuro deste país.

Está a hipotecar o que non é seu: o porvir de Galicia.

POLÍTICA SOCIAL

Falemos de residencias. Galicia ten hoxe 3 prazas por cada 100 maiores de 65 anos. A media estatal está un 30% por enriba. Faltan 8.000 prazas. E vostede sábeo.

O modelo fracasou. E a pandemia só fixo visible un problema que nós levábamos anos advertindo, que é o modelo de residencias que vostedes aplican é un fracaso, en número e en forma.

Empresas que recortan, que maltratan dereitos laborais e que priorizan o beneficio económico sobre os coidados. Iso é o que vostede permite.

Mentres os nosos maiores poidan estar na súa casa, debemos facer o esforzo en que así sexa. Pero chegan situacións en que non é posible.

Necesitamos un modelo de centros pequenos, distribuídos polo territorio, que permitan ás persoas vivir preto da súa contorna. Impulsámolo en Lugo e créame, funcionan. Enviar a alguén 200 quilómetros fóra do seu fogar non é un servizo: é un abandono.

Cremos tamén nun maior investimento en dependencia, onde a Xunta non cumpre o que debe. Permítame outro dato: dende a pandemia o Goberno de España aumentou un 138% as partidas para dependencia. Este goberno autonómico reduciu un 6%, segundo os seus propios orzamentos. Con iso, queda todo dito.

E vostede, de celebración.

A nosa MEMORIA HISTÓRICA, a súa desmemoria, señor Rueda

Mentres outros territorios avanza na recuperación da memoria histórica, en Galicia vostedes seguen instalados no esquecemento e, ás veces, na complicidade. **Pois si, aínda que o neguen no Parlamento, en Galicia tamén tivemos ditadura. E vítimas. E represión.**


Levamos anos pedindo que se faga o que é de xustiza: recuperar a memoria, dignificar ás vítimas, abrir as fosas, apoiar as asociacións que traballan arreo, só coa axuda do Goberno central socialista. Pero pola súa banda só existe un silencio cómodo e institucionalizado.

Miran para outro lado. E non por casualidade. Non queren, porque recuperar a memoria supón recoñecer que houbo quen loitou pola liberdade e que os que hoxe están a gobernar en San Caetano herdán esa outra historia da que nunca queren falar.

Non se trata de reabrir feridas, senón de pechalas ben. Con verdade, con reparación, con respecto, con xustiza. É unha débeda democrática que Galicia aínda ten pendente.

Vai vostede, señor Rueda, a seguir apostando pola desmemoria ou vai a aprobar unha Lei de Memoria Democrática de Galicia?





Grupo Socialista
Parlamento de Galicia

Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n,
15702 Santiago de Compostela
T \ 981 551 538
gp-socialista@parlamentodegalicia.es

UNHA GALICIA MELLOR.

Se quixésemos, señor Rueda, poderíamos pasar todo o día falando das desigualdades que provoca a súa falta de ambición política, a súa falta de liderado. A súa pasividade. E sería unha conversa longa. Galicia avanzou. Claro que si, pero moitos deses avances non nacen da acción do seu goberno, senón **da forza dunha sociedade que empurra, que traballa e que resiste.**

Unha Galicia que cada día se levanta tentando ser mellor. Que se move, non porque vostede a lidere, senón **a pesar da inercia do seu goberno, sen rumbo e sen iniciativa.**

Porque aí fóra hai un país que non encaixa na Galicia submisa que vostedes desexan. Hai unha Galicia viva, moderna, decidida.

Un pobo con mans e cabeza para chegar onde queira.

Fáltalle, iso si, un goberno a súa altura. E iso, hoxe, non o ten.

Hai que facer política con sentido, con reflexión e con propostas que sexan ambiciosas pero realistas. Transformadoras, pero pegadas á realidade.

Unha política, sen eslóganos baleiros.

Nós, as e os socialistas, non estamos aquí para levarlle a contraria. Estamos aquí para **construír alternativa.**

E tras ela, gobernar. Gobernar para transformar.

Sabemos que non é fácil. Que ás veces, en tempos de ruído e de simplificación, custa defender o criterio, a responsabilidade, o sentido común.

Pero é a nosa forma de entender o servizo público. E tamén a nosa responsabilidade co país.

Vostedes serán os primeiros —e sabemos que non os únicos— en tentar ridiculizar esta política. Pero iso, señor Rueda, é porque saben que estamos no certo.

Déixeme dicirle algo que creo profundamente:

A política útil non é fácil. Pero a política fácil, case nunca é útil.

Por iso, fronte a esa Galicia das desigualdades que vostede mantén, nós ofrecemos outra visión. Outro camiño. Outras propostas.

Porque non estamos para celebrar grandes éxitos. Estamos para facer o traballo que hai que facer. E porque, por riba de todo:

É posible unha Galicia mellor.

Temos dereito a unha Galicia mellor.

Merecemos unha Galicia mellor.

Saúdos, Comunicación PSdeG-PSOE

